



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**Actividade** Convocatória sesión extraordinaria Pleno  
**Número expediente** PLN/2023/14

**PLN/2023/14.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DIA TRINTA DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

Sendo as nove horas e un minutos do trinta de agosto do ano dous mil vinte e tres, en primeira convocatoria, reúnese a efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

<b>Cadro de asistencia</b>	
<b>Concelleiro/a</b>	<b>Asistencia</b>
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Asiste





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz, contando coa presenza da interventora, D<sup>a</sup> Ana Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

**1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 30.08.2023 (2023-0014).** De conformidade co establecido no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Acta da sesión ordinaria realizada con data 30 de agosto de 2023.

Toma a palabra o portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE para sinalar que hai un erro na votación que reflicte o punto número 8º “MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG (NÚM. REXISTRO 2023-E-RE-1724, DE 21.08.2023).- PROPOSTA DE MELLORAS AO ANTEPROXECTO DA BIBLIOTECA, E APUNTAMENTOS PARA UN REDESEÑO E NOVA LICITACIÓN DA REDACIÓN DO PROXECTO” xa que o seu grupo non votou en contra se non que se abstivo.

A continuación intervén o concelleiro dese mesmo grupo municipal, Ignacio Fernández Fernández para apelar aos indicios que nesa mesma dirección en función da súa intervención, constan igualmente na acta, quenda de intervencións.

A secretaria indica que a emenda de dita circunstancia non afecta ao sentido do acordo adoptado para os efectos do límite non superable previsto na normativa aplicable.

Non formulándose observación ou reparo ningún adicional e sometida a votación ordinaria coa emenda de referencia, o Pleno prestou aprobación á mesma segundo o seguinte resultado:

Grupo	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
-------	----	-----	-----------	----





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

<b>municipal</b>	(5)	(3)	(3)	(1)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	A favor	A favor

**2º.- SECRETARÍA.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRA DE DÑA. MARÍA DOLORES GONZÁLEZ LORENZO, DA CANDIDATURA DE ESQUERDA UNIDA..-** Consta no expediente informe emitido pola secretaría do concello con data 21 de setembro de 2023 no que se da conta do réxime xurídico de referencia e a tramitación realizada e os actos a desenvolver ata a toma efectiva de posesión:

“ ...

#### **INFORME**

##### **Antecedentes de feito**

- Con data 28 de agosto de 2023, número rexistro de entrada 2023-E-RE-1737, preséntase escrito polo que a concelleira do grupo municipal EU María Pilar Díaz Otero por motivos persoais renuncia á súa condición de concelleira e solicita se trate coa maior brevidade posible.
- Segundo a documentación que obra no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona Eleccións Locais 2023 corresponde realizar chamamento á Xunta Electoral de Zona a favor da persoa candidata seguinte na listaxe, a favor de María Dolores González Lorenzo.
- Informe de secretaría de 23 de agosto de 2023 indicando a normativa
- Acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria realizada con data 30 de agosto de 2023 tomando coñecemento da renuncia, instando á Xunta Electoral de Zona a que expida credencial a favor da persoa a quen se considera corresponde segundo a candidatura presentada no seu día, a María Dolores González Lorenzo.
- Remisión de petición documentada á Xunta Electoral de Zona con data 31 de agosto de 2023, número rexistro saída 2023-S-RC-1206.
- Con data 14 de setembro de 2023, número rexistro de entrada 2023-E-RC-3794, recíbese credencial estendida a favor de María Dolores González Lorenzo, trasladándose senda comunicación de secretaría e alcaldía de data 15 de setembro de 2023, número rexistro de saída 2023-S-RC-1247 e 2023-S-RE-1930, para os efectos da presentación de declaración antes da toma de posesión ante o Rexistro de Intereses conforme ao artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e da oportunidade de que se formalice dita presentación con





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

carácter previo á convocatoria da sesión ordinaria a realizar o vindeiro 27 de setembro de 2023.

- Con data 20 de setembro de 2023 comparece no concello María Dolores González Lorenzo e presenta Declaración ante Rexistro de Intereses para os efectos establecidos no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e do artigo 141 do Regulamento Orgánico Municipal.

### **Consideracións xurídicas**

#### **Primeira.-Procedemento a seguir.**

Realizadas as actuacións marcadas no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e do artigo 141 do Regulamento Orgánico Municipal, haberá que estar ao establecido no artigo 108.8º da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral:

“8. No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos”.

De igual xeito, unha vez tomada posesión gozará dds dereitos e obrigas propios do seu cargo polo que en orde ao establecido no artigo 73 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 24 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, tomada posesión por parte da nova concelleira, debe dirixirse escrito dentro dos cinco días hábiles seguintes comprensivo das novas regras de actuación do grupo municipal nos diferentes órganos colexiados nos que deba de formar parte.

#### **Conclusión:**

- Debe procederse a convocar a María Dolores González Lorenzo para que poda comparecer e tomar posesión do seu cargo previa xura/acatamento segundo a fórmula legal, en punto diferenciado da orde do día da sesión ordinaria do Pleno a realizar o vindeiro 27 de setembro de 2023.
- Dentro dos cinco días hábiles seguintes, o voceiro do grupo municipal no que se integra debe presentar no rexistro xeral escrito comprensivo das novas regras de actuación do grupo municipal nos diferentes órganos colexiados nos que deba de formar parte.  
...”.

Consta igualmente no expediente documentación xustificativa da convocatoria practicada á interesada da sesión efectuada con data 21 de setembro de 2023.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

De seguido o alcalde procede a realizar chamamento público á interesada quen comparece. A continuación o alcalde procede a dar posesión do seu cargo á concelleira designada pola Xunta Electoral de Zona, segundo a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Realizado o trámite, o Alcalde inviste á nova concelleira do grupo municipal EU, María Dolores González Lorenzo coa medalla de membros corporativa e trasládalle os parabens pola súa nova responsabilidade.

**3º.-SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2023. 2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2023.-** Expediente elevado á consideración da Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs en data 7 de setembro de 2023 no que se emite ditame favorable á proposta da mesma área de 28 de agosto de 2023.

<b>Primeira quenda</b>	
Portavoz PSdG-PSOE	Non está de acordo coa proposta por que non permite acoller outras inversións coma o vehículo para a Policía Local sen que aos grupos se lle teña dado outras opcións.
Alcalde	O concello licitou en tempo e forma o subministro do vehículo para a Policía Local máis está en fase de resolución do contrato. En canto a outras alternativas, o expediente elevouse á consideración da Comisión Informativa, contando con prazo de tramitación perentorios.

Rematado o debate, sométese a votación ordinaria co seguinte resultado:

**1ª Votación**

<b>Grupo municipal</b>	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	Abstención	En contra	En contra

**2ª Votación**

<b>Grupo municipal</b>	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Sentido do voto	A favor	Abstención	En contra	En contra
-----------------	---------	------------	-----------	-----------

En exercizo da facultade contemplada no artigo 21.1º c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o Alcalde dirime o empate co seu voto de calidade favorable (voto a favor) e deste xeito, o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2023**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	46.201,73 €

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:**

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		
<b>TOTAL</b>					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga)		







**Concello de Mugarbos**  
(A Coruña)

achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sexto.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Sétimo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

#### **4º.- EXPEDIENTE 2742/2022. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DE ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) ANUALIDADE 2023.**

<b>Primeira quenda</b>	
Portavoz PSdG-PSOE	Adianta o voto a favor do seu grupo. O servizo ten necesidades que deben ser atendidas por canto como traballadores municipais deben traballar en condicións.
Grupo BNG Evaristo Deus Deus	Indica que o seu grupo vai a absterse como na Comisión. Non obstante e tras o exame do expediente coinciden co grupo municipal PSdG-PSOE en que as circunstancias da base non son as mellores. Solicita un debate e información sobre os custes reais e efectivos sobre o servizo.
Portavoz PP	Os terrenos da Base son de propiedade da entidade Forestal del Atlántico. Se están intentado aplicar todos os esforzos e para tal efecto se dotou ao servizo dos vehículos máis recentes de todo o parque móvil.

Rematado o debate, sométese a votación ordinaria co seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	Abstención	A favor	A favor







**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

En atención ao resultado acadado, o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Ratificar o acordo adoptado pola Resolución de Alcaldía núm. 2022-1308, do 30.12.2022 e ratificado polo Concello Pleno en sesión realizada o 25.01.2023 polo que se manifestou a vontade do Concello de Mugardos de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, segundo texto obrante no expediente, asumindo as obrigas e compromisos derivados da mesma e con suxeición plena a todas elas, establecendo como data efectiva de inicio da actividade o 01.01.2023.

**Segundo.-** Asumir as obrigas propias dos beneficiarios da subvención (artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia)

**Terceiro.-** Asumir a obriga de presentar no seu momento ou cando así se lle requira, a seguinte documentación:

Memoria de actuación

Conta xustificativa con certificación de gastos e pagos

Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade

Compromiso de dar difusión pública ao financiamento provincial

Autorización á Deputación para obter directamente as certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa AEAT

Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña os datos persoais relacionados co seu contrato de traballo

**Cuarto.-** Facultar ao sr. Alcalde – Presidente, D. Juan Domingo De Deus Fonticoba, para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a execución do presente acordo.

**5º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO.** Da inicio ao exame deste punto da orde do día a portavoz do grupo municipal BNG dando lectura ao escrito de moción:

**“MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO CONCELLO-PLENO:  
PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR,  
NO SEIXO**





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O parque de Beiramar é un espazo de lecer esencial para O Seixo e para todo o concello de Mugardos. Despois de facerse un proxecto de mellora que foi incluído no POS+ 2021 por un importe de 149.301,61 €, o anuncio da licitación fíxose o 27/07/22 e o 08/09/2022 foi declarada deserta.

Fai un ano dende que a obra se declarou deserta polo que o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación Concello de Mugardos a adopción do seguinte acordo:

## PROPOSTA DE ACORDO:

- Que atendendo ao anterior, fáganse as actuacións necesarias para actualizar os prezos da obra e
- Que se licite canto antes para que o verán que ven podamos disfrutar do parque de Beiramar rehabilitado.”

Primeira quenda	
Portavoz PSdG-PSOE	Manifesta a súa conformidade coa moción presentada que foi obxecto de petición para que se dese cobertura á mesma no POS como acontece con outras tantas que pese a estar incluídas no Plan non se teñen excutado, citando de seguido distintos exemplos (parque San Vitorio, pista multideporte en O Baño....). O que reflicte ao seu xuízo a mala xestión do goberno local.  Respecto a Beiramar instan a que se forme o expediente con toda a documentación completa e non tan so unha carta de autorización para a realización das obras.
Portavoz PP	O seu grupo vai a votar a favor da moción. Xa se procedeu a actualizar o proxecto e xa se asinou a providencia no expediente de responsabilidade da súa área para que se tramite a autorización ao concello por parte da Asociación.
Portavoz BNG	Agradece o parecer conforme de todos os grupos

Rematado o debate, sométese a votación ordinaria co seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Abstención

En atención ao resultado acadado, o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





**Concello de Mugarbos**  
(A Coruña)

**Primeiro.-** Que se realicen as actuacións necesarias para actualizar os prezos da obra e que se licite canto antes para que o verán que ven se poda disfrutar do parque de Beiramar rehabilitado.

**6º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA INICIO DE TRÁMITES DE ADQUISICIÓN PATRIMONIAL DA CASA DA SEREA.-** .Da inicio ao exame deste punto da orde do día a portavoz do grupo municipal BNG dando lectura ao escrito de moción:

**“MOCIÓN AO CONCELLO-PLENO:**  
**PARA INICIO DE TRÁMITES DE ADQUISICIÓN PATRIMONIAL DA CASA DA SEREA**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O edificio coñecido como Casa da Serea, sito no peirao de Mugarbos, constitúe unha das construcións máis significativas e importantes do Concello, que todavía conserva parte da súa fachada orixinal e constitúe un elemento importante na nosa historia.

Casa paxega datada do século XVI, foi a vivenda do Alcalde de Mugarbos cando a vila se librou da xurisdición do Mosteiro de Montefaro e pasou a depender da Coroa, a principios do século XIX.

Unha casa que a meirande parte da veciñanza xa asume como parte dos bens públicos do Concello.

Considerando o valor patrimonial, histórico e de identidade mugardeza que posúe este inmovible, propoñemos:

**PROPOSTA DE ACORDO:**

1. Instar ao goberno municipal para o inicio de xestións para a súa adquisición.
2. Solicitar as axudas públicas necesarias para a consecución de tal fin, incorporando si é necesario unha partida no orzamento municipal.
3. Instar ao goberno municipal para levar ás comisións informativas correspondentes as actuacións a levar a cabo. “

<b>Primeira quenda</b>	
Portavoz EU	O seu grupo considera que deben priorizarse outras actuacións como a adquisición da casa de Bello Piñeiro así como os acordos necesarios co Galicia de Mugarbos. Polo que anticipa o seu voto en contra.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Portavoz PSdG-PSOE	Solicita que na próxima Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior se remita un informe técnico co que se pode facer no inmovble.
Portavoz PP	Quere motivar o seu voto en contra por canto o concello debe abordar outro tipo de proxectos (POS, subvencións e outras demandas presentadas), sen que elo reste importancia ao valor do inmovble e da súa preservación.
Alcalde	Adquirir o terreo sen máis non ten sentido, sen que o concello teña capacidade para adquirir todos os inmovbles nos que non se teña actuado nos derradeiros 40 anos. Lamenta ter demasiados retos por diante e que non se poda asumir aínda que o fin sexa bó.
Portavoz BNG	Como grupo tamén están de acordo na adquisición da vivenda de Bello Piñeiro e en prestar apoio ao clube Galicia de Mugardos. Máis como son conscientes da situación trasladan que existe unha subvención con periodo aberto de convocatoria que permitiría ao financiamento da compra ao 100% do seu importe.

Rematado o debate, sométese a votación ordinaria co seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	En contra	A favor	A favor	En contra

En atención ao resultado acadado, o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Rexeitar a moción do grupo municipal BNG “INICIO DE TRÁMITES DE ADQUISICIÓN PATRIMONIAL DA CASA DA SEREA”

**7º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES.** Da inicio ao exame deste punto da orde do día o portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE dando lectura ao escrito de moción que tras unha exposición de motivos insta ao goberno local:

“...

Instamos al goberno local a comenar el procedimientu de modificación del uso de la escuela unitaria de O Seixo para el desarrollo de actividades dirigidas a la prestación de servicios sociales destinados a la atención a las personas mayores”





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

<b>Primeira quenda</b>	
Portavoz EU	Adianta o voto en contra do seu grupo.
Portavoz BNG	Presenta unha emenda para que en primeiro lugar se proceda á súa desafectación e tras elo se adscriba ao uso do concello.
Alcalde	O inmoible é municipal. Primeiro se instará a desafectación para ser destinado despois ao uso que se decida. Vai a presentar unha emenda para que se emitan os correspondentes informes técnicos de forma se poda destinara a servizos sociais co financiamento da Xunta e da Deputación. A traballadora social xa visitou o inmoible e agora se debe esperar ao que sinale o informe urbanístico para saber as súas condicións e tras elo barallar opcións. Engadde que a Xunta de Galicia non vai a financiar alí unha escola infantil xa que non se conta coa ratio mínima de alumnado.

<b>Segunda quenda</b>	
Portavoz PSdG-PSOE	Fundamental que se desafecte para despois orientalo ao uso máis adecuado. O seu grupo está de acordo coas dúas emendas. Pregunta se a emenda do PP é para implicar á Deputación provincial por canto á Xunta de Galicia lle corresponde en todo caso.
Alcalde	O concello non pode financiar un centro de día polo que o importante é coñecer a aptitude urbanística do inmoible e non se entra ou non a Deputación no financiamento. Intentará que a Xunta de Galicia se implica ao máximo posible. A moción é aberta e merece que se poda debater nunha comisión Informativa tras a emisión dos informes técnicos.
Portavoz BNG	Manifesta o seu tempo a que peche a escola dde Franza e insta a que exista unha política activa que incentive e permita o seu mantemento. Pregunta se se pode suspender a sesión para que se consensúa un posible acordo.
Alcalde	En función da petición cursada, o alcalde suspende a sesión por cinco minutos.

Tras a suspensión, reanúdase de novo a sesión.

Toma a palabra o portavoz PsdG-PSOE. Todos os grupos están de acordo en adicar a un uso público local o inmoible polo que sería convinte que se iniciasen os trámites, polo que





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

insta á retirada da moción para que o goberno local solicite os informes técnicos e de forma consensuada entre todos os grupos se acorde destinalo ao máis axeitado.

En atención ao consenso acadado e a petición do poñente da moción, polo voto favorable do total de membros da corporación, o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Retirar a moción da orde do día para que por parte do goberno local que soliciten os informes técnicos e de forma consensuada entre todos os grupos se acorde destinalo ao seu máis axeitado.

**8º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE SOBRE REDACCIÓN DUN PROXECTO PARA A INSTALACIÓN DUNHA CUBERTA EN EDIFICIO E A REHABILITACIÓN DAS FACHADAS E ESTRUTURAS COMO MEDIDA URXENTE DE PROTECCIÓN DO CINE ZÁRATE.** O portavoz do grupo PsdG-PSOE procede a dar lectura ao escrito de moción que tras unha exposición de motivos insta ao goberno local :

“... a encargar a redacción de un proxecto para a instalación de una cubierta definitiva en el edificio y la rehabilitación de la fachadas y estructuras como medida urgente de protección del cine Zarate, edificio municipal con la catalogación de patrimonio cultural de Galicia.”

<b>Primeira quenda</b>	
Portavoz BNG	O seu grupo vai a apoiar a moción. É un paso adiante para a rehabilitación do inmovible é urxente levar a cabo algunha acción e polo menos actuar por fases.

<b>Segunda quenda</b>	
Portavoz EU	Indica que hai varias cousas que o seu grupo non comparte. En canto á situación de risco, xa se realizou unha obra de consolidación. E en canto ao seu uso van a manter a mesma dirección e que sexa adicado a biblioteca municipal.
Portavoz BNG	Alude a que no convenio falta un párrafo en relación ao posible financiamento por parte de Reganosa. Polo que se pregunta tras todas as peticións que se formularon ao longo de toda a sesión, cómo se van a sufragar polo concello contando con menos persoal que fai dez anos, menos ingresos, máis gasto enerxético e o importe das obras. Houbo unha posibilidade de asinar un convenio con Reganosa. O vindeiro 15.11.2023 alzarase a suspensión no procedemento xudicial aberto.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Portavoz PSdG-PSOE	Considera que a valoración do grupo municipal PP é moi pesimista. É importante cando hai unha maioría aceptar dita realidade e tratar de traballar de forma constructiva. A opinión respecto da proposta de convenio con Reganosa xa se expresou e é misión do goberno local buscar fontes de financiamento.
Alcalde	Estima que se vai a cometer un erro. O equipo de goberno xa fixo un esforzo moi grande. Contribuíndo a que non se procedese a súa demolición. Pregúntase que fixo o PSdG-PSOE durante os 12 anos de goberno e cando menos, o BNG procedeu á súa adquisición.

A continuación subscíbese unha cuestión de orde, instándose que se leve a cabo outro turno de intervencións por alusións sen que se considere correcto que peche o alcalde.

Toma a palabra o alcalde. Interpreta que o ponente xa pechou a súa intervención como ponente da moción e tan so está trasladando o seu parecer. Transmite a súa vontade para que se realice un debate serio nunha comisión e insta a todos os grupos a que se así se leve a cabo.

Rematado o debate, sométese a votación ordinaria co seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	En contra	A favor	A favor	En contra

En atención ao resultado acadado, o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Rexeitar a moción presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE “**REDACCIÓN DUN PROXECTO PARA A INSTALACIÓN DUNHA CUBERTA EN EDIFICIO E A REHABILITACIÓN DAS FACHADAS E ESTRUTURAS COMO MEDIDA URXENTE DE PROTECCIÓN DO CINE ZÁRATE**”

## 9º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES

Non se formulan.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**11º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-** O Alcalde concede o uso da palabra á secretaria que procede a dar





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

lectura á dilixencia asinada e achegada ao expediente da sesión con data 21 de setembro de 2023:

“Esténdoa eu, secretaria da corporación, para deixar constancia do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen:

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.

MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 8/2023: CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS.- Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 158 de 21 de agosto de 2023 e coa mesma data no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Portal de Transparencia do Concello, e sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, constando certificación de secretaría comprensiva de tal extremo, téndose publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 176, de data 14.09.2023, Anuncio aprobación definitiva M08/2023.

EXPEDIENTE 1716/2023. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2023 (RELACIONES CONTABLES DE FACTURAS F/2023/31 E F/2023/32).- Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2023-0860 acordouse ordenar o pago de facturas da relación contable de facturas F/2023/32.

TOMAR COÑECIMIENTO RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRA DE MARIA PILAR DÍAZ OTERO. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, remitiuse certificación do mesmo á Xunta Electoral de Zona de Ferrol e notificouse o acordo adoptado á interesada.

EXPEDIENTE 1384/2023.- MODIFICACIÓN POR EMENDA DE ERROS INDEMNIZACIONES POR ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS (ACORDO PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA 05.07.2023). Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, publicándose o acordo adoptado polo Pleno da Corporación no Boletín Oficial da Provincia núm. 175, de data 13.09.2023, así como na páxina web municipal, no taboleiro de edictos do Concello e no Portal da Transparencia.

FESTIVIDADES LOCAIS 2024. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e remitiuse certificación do acordo adoptado á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de A Coruña.







**Concello de Mugarodos**  
(A Coruña)

EXPEDIENTE 414/2023.- APROBACIÓN PROXECTO "OBRAS DE SUSTITUCIÓN DE CUBERTA NO POLIDEPORTIVO DE O CRISTO. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente

EXPEDIENTE 2562/2022.- APROBACIÓN PROXECTO "CONTRATACIÓN DA OBRA DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DE PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE MUGARDOS". Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente.

MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG (NÚM. REXISTRO 2023-E-RE-1724, DE 21.08.2023).- PROPOSTA DE MELLORAS AO ANTEPROXECTO DA BIBLIOTECA, E APUNTAMENTOS PARA UN REDESEÑO E NOVA LICITACIÓN DA REDACIÓN DO PROXECTO. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO PSdG-PSOE (NÚM. REXISTRO 2023-E-RPLN-7, DE 22.08.2023).- MANTEMENTO E CONSERVACIÓN PASARELA DE MADEIRA EN VOLADIZO VIARIO PORTUARIO. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e remitiuse ao Concelleiro da Área de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.”

**12º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE 2023-0795 AO 2023-0892. .-O Pleno dá por realizado o trámite.**

### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

#### **13º.- ROGOS E PREGUNTAS**

<b>Rogos</b>	
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	<p>Que se solventen os problemas no retraso nas entregas de comida ás persoas cuidadoras das comunidades felinas.</p> <p>Urxe ao pago da deuda con SEITURA, descoñecendo como están os proxectos.</p> <p>As palmeiras seguen en mal estado.</p>





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

	<p>Non se procedeu ao cobro do IVTM 2023 nin da taxa polo abastecemento de auga potable.</p> <p>As asociacións, reitera, seguen sen cobrar as axudas dos convenios 2022.</p>
<b>Intervención en resposta</b>	<p>O concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior resposta que toma nota do indicado respecto das comunidades felinas para abordalo coas persoas cuidadoras.</p>
<b>Portavoz BNG</b>	<p>Solicita que os arquivos de grabación das sesións de pleno se suban á páxina web ademáis do portal de transparencia.</p> <p>Lembra que hai rogos sen atender como os relativos ao traslado dos pregos e contrato coa empresa de recadación e os custes do servizo de axuda ao fogar.</p>

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as vine e unha horas e dezanove minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Visto e praxe

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

